

CRITERIOS DE PRELACIÓN NA COINCIDENCIA DE EXAMES DE MATERIAS DE GRAO

(Aprobado en Xunta de Facultade do 06/06/2019)

Preámbulo.

Atendendo a unha histórica demanda do alumnado para actuar con uniformidade no caso de coincidencia de exames, propoñemos a aplicación dos seguintes criterios de prelación.

Artigo 1. Prelación.

No caso de que se produza coincidencia de data e hora nos exames de Grao para un mesmo estudante, rexerá a seguinte prelación:

- 1º Materia de formación básica (primeiro curso).
- 2º Materias obrigatorias
- 3º Materias optativas
- 4º Se son materias do mesmo tipo: curso inferior.
- 5º Se son materias do mesmo tipo e curso: primeiro semestre.

Artigo 2. Prazo.

O/A estudante afectado pola coincidencia de exames entre dúas materias de Grao deberá comunicalo formalmente por escrito á Secretaría do Decanato indicando as dúas materias coincidentes. O prazo de presentación do escrito ábrese no momento da súa matrícula e remata 30 días naturais antes do comezo do calendario de exames.

Artigo 3. Procedemento.

3.1.- A persoa que ocupe o cargo de Secretario/a da Facultade, responsable da elaboración do calendario de exames, comunicará aos docentes da “materia non preferente” (vid. Artigo 1) os nomes do alumnado afectado.

3.2.- A persoa que ocupe o cargo de Secretario/a da Facultade, de acordo co docente da “materia non preferente”, propondrá unha única data e hora de avaliación de aplicación para estes casos, que deberá gardar unha separación de cando menos 24 horas posteriores verbo da data oficial da avaliación desa mesma materia, segundo o calendario de exames aprobado para o curso académico.

3.3.- A persoa que ocupe o cargo de Secretario/a da Facultade comunicará ao alumnado afectado, polo menos 7 días naturais antes do inicio do calendario de exames, a data e hora da avaliación da “materia non preferente”, que serán publicadas no taboleiro do calendario de exames.

Artigo 4. Disposición final.

Estes criterios se aplicarán igualmente nos casos de coincidencia de horarios de docencia e/ou avaliación para o sector específico do *alumnado de mobilidade en cursos anteriores*, na que os docentes responsables das materias “non preferentes”, na data proposta, poderán adoptar calquera dos sistemas de avaliación previstos na guía docente.